


O poder de Amabel



O poder de Amabel é un peza de teatro de monicreques e actores para público familiar inspirada na novela infantil de Érica Esmoris, editada por Sushi Books. A autora foi recentemente galardoada co premio "Merlín 2015" por *Nena e o mar*.



De que trata a novela:

Todos os membros da familia de Amabel teñen superpoderes: unha forza descomunal, a velocidade do raio, unha intelixencia abraiante e incluso a capacidade de facerse invisible. Pero Amabel todavía non sabe cal é a súa actividade extraordinaria. Para descubri-lo embarcarase co seu amigo Braulio en aventuras moi peculiares.

Como a levamos a escena:

Amabel e Braulio, dous amigos que non se ven dende a escola, reencóntranse anos máis tarde en Tokio. Alí recordarán un especial Outono que viviron xuntos no 82, un dos seus primeiros recordos de nenos; eses aos que debemos voltar para sentirnos na nosa verdadeira patria: a infancia.

Temas e valores que aborda:

O amor incondicional á familia, o poder da amizade e, sobre todo, a aceptación dun mesmo.

Idade recomendada: de 5 a 12 anos.



Orixinalidade da peza:

Os monicreques son Amigurumis.

Amigurumi (あみぐるみ)

Tendencia ou moda xaponesa que consiste en tecer bonecos mediante a técnica de crochet ou ganchillo.

Todos os personaxes que manipulan os actores están feitos en crochet, o que lles concede un aporte de tenrura e simpatía que os fará atractivos tanto para os nenos como para o público adulto.





Cía. Pérez&Fernández

Victoria Pérez e Manu Fernández, "amigurumis" dende o ano 2001.

Fernández

Ten o superpoder de falar á perfección tres idiomas, de ser actor - moi ben querido por todo aquel que o coñece, e de ser recoñecido pola rúa polo seu papel de Milucho na exitosa serie da TVG "Libro de Familia" - a pesar da perruca que levaba. Superman-u ten o poder de rescatar gatos das árbores e ás persoas do aburrimiento. Cun físico entre Clint Eastwood e Jude Law, ten o poder de derretir persoas.

Pérez

Ten o superpoder de crer no humor por riba de tódalas cousas e de utilizalo a diario, de ser actriz, de escribir wasaps longuísimos á velocidade do raio e de pagar autónomos. Ten o gran poder de ser a mellor amiga dos seus amigos, de ter un "pelaso", mirada pícara, sorriso cómplice e de sentirse orgullosa de contar centos de veces a miles de nenos en tropecentos coles moitos libros de Roald Dahl ou Michael Ende.

Ficha artística

Actores / Manipuladores

Victoria Pérez - Amabel, Avoa, Nai.

Manu Fernández - Braulio, Pai, Tía Herminia.

Xosé Leis - Psicólogo.

Érica Esmorís - Voz Profe Antonia.

Dirección

Victoria Pérez, Xosé Leis

Dramaturxia

Victoria Pérez

Creación "Amigurumis"

Irene Pidal

Música orixinal

Mathew Ward

Xabier Romero

Espazo escénico

Jacobo Bugarín, Xosé Leis.

Espazo sonoro

Manu Fernández



Vestuario

Pérez&Fernández

Foto

Nelson Corsino







Rider técnico

Duración:	- 55 minutos
Tipo de público:	- Todo público (a partir 5 anos)
Escenario:	- 5 ancho x 3 fondo x 3 alto
Equipamento: (para auditorios, etc.)	- Caixa negra - 2 patas a cada lado - 3 varas electrificadas
Iluminación (para auditorios, etc.)	- 1 mesa de control - 2 Par - 6 Pc - 3 Recorte - Potencia de luz: 10.000 W
Audio:	- 1 mesa de mezclas - 1 lector CD / entrada Usb / cable mini jack - Pantallas adecuadas a dimensións espazo - Potencia de son: 500 W
Tempo de montaxe:	- 1'5 horas
Tempo de desmontaxe:	- 1 hora

- Non precisa persoal de carga e descarga.

- Espectáculo adaptable ás condicións do lugar de actuación.